

Regulamento básico de Floorball

Accións permitidas

- Golpear a pelota cos dous lados do stick.
- Utilizar o pe para parar a pelota ou dirixila cara o stick.
- Se hai bandas laterais pódense utilizar para manter a posesión da pelota.
- Roubarlle a pelota a un adversario.

Accións non permitidas

- Levantar o stick por enriba do xeonllo.
- Meterlle o stick entre as pernas ao rival.
- Golpear co stick a un rival.
- Seguir o xogo estando no chan.
- Facer un pase co pé.
- Bloquear ou interromper o paso dun rival.
- Tocar a pelota coa man ou coa cabeza.

Accións penalizadas con penalti

- Trabucar o paso a un rival co stick.
- Lanzar o stick.
- Mover a portería para evitar un gol.

Infraccións e penalizacións

GOLPE FRANCO: Cando se produza unha infracción, colocarse a pelota no lugar onde se cometeu a falta. Os rivais deberán poñerse a unha distancia de 3 metros. Pode conseguirse un gol de saque franco directo.

PENALTI: Cando se produce unha infracción grave para evitar o gol do rival concédese lanzamento de penalti. Iníciase dende o centro do campo. O xogador pode dar tantos toques como queira a pelota. Os demais xogadores/as non poden intervir ata que remate a xogada.



“Regulamento de floorball”, do proxecto cREAgal, publícase coa [Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0](#)